



RESOLUCIÓN do ___ de _____ de 2019 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2019/20 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión.

A función docente constitúe un factor esencial da calidade da educación e para o seu adecuado desenvolvemento a formación do profesorado é unha peza clave. Por outra banda, a función docente experimentou unha notable transformación nos últimos anos, transformación que vai parella aos novos retos que ten que afrontar o sistema educativo. Neste contexto a oferta formativa debe, por unha banda, coordinarse cos grandes obxectivos e programas da política educativa e, por outra banda, facer o profesorado partícipe permitíndolle implicarse de forma activa na mellora das súas competencias, de xeito que se fomente a creatividade, a capacidade de innovación e, en resumo, que agrome o talento existente.

Neste sentido, os cambios derivados do desenvolvemento do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (en diante, LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, tratan de que a formación permanente responda, tanto nas súas estruturas como nos seus plans e nas accións concretas, a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente do profesorado galego.

No marco normativo estatal, a LOE, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, dedica o seu título III a salientar o protagonismo que debe adquirir o profesorado no sistema educativo actual, cunha atención prioritaria á súa formación inicial e permanente.

Esta lei establece, no seu artigo 102, que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros, coa finalidade, entre outras, de prever a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas. E, por outra parte, o artigo 105, de medidas para o profesorado de centros públicos, dispón na alínea 2.d) que a Administración educativa disporá o desenvolvemento de licenzas retribuídas, de acordo coas condicións e requisitos que se establezan, coa finalidade de estimular a realización de actividades de formación e de investigación e innovación educativas que revertan en beneficio directo do propio sistema educativo.

Ademais da formación anual programada e desenvolvida polas estruturas de formación a través



de actividades para o profesorado, é conveniente ofertar unha modalidade formativa de máis longa duración nun contexto de implicación activa do profesorado no seu deseño e de acordo coas principais liñas de traballo marcadas para o sistema educativo. Neste sentido, as novas tecnoloxías acadan unha importante presenza e gozan de gran proxección no eido docente, polo que a Administración pretende facer participe o profesorado na realización de proxectos de investigación elaborando materiais didácticos, sen esquecer a especificidade da formación profesional, que lles permita afondar nesta vertente do seu labor profesional e, ao mesmo tempo, que proporcionen o seu coñecemento e experiencia ao conxunto da comunidade educativa no deseño de actividades de formación a distancia, modalidade cun crecemento substancial dentro da formación do profesorado. Por outra banda, a potenciación da formación do profesorado nas linguas estranxeiras constitúe un eixe fundamental para o sistema educativo galego, de xeito que na función docente se tenda a acadar os niveis adecuados de competencia dentro do Marco común europeo de referencia para as linguas (en diante, MCERL).

Polo anteriormente exposto, de conformidade coas competencias atribuídas polo Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante, a Consellería),

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto e persoas destinatarias

1. Esta resolución ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras polas que se rexerá tanto a convocatoria pública como a execución das licenzas por formación para o curso académico 2019/20, dirixidas ao persoal docente que pertenza aos corpos que imparten as ensinanzas establecidas na LOE, destinado durante o curso académico 2019/20 en centros educativos públicos.

Nas modalidades individuais, aplicarase a seguinte orde de prelación:

- a) Persoal docente funcionario que non gozou de licenza por formación nos últimos dous cursos (2017/18 e 2018/19).
- b) Persoal docente funcionario que gozou de licenza por formación nos últimos dous cursos (2017/18 e 2018/19).



c) Persoal interino.

Nas modalidades de grupo, aplicarase a seguinte orde de prelación:

- a) Todo o persoal docente funcionario sen licenza nos últimos dous cursos (2017/18 e 2018/19).
- b) Todo o persoal docente funcionario, algún sen licenza nos últimos dous cursos (2017/18 e 2018/19).
- c) Todo o persoal docente funcionario e todo con licenza nos últimos dous cursos (2017/18 e 2018/19).
- d) Todo o persoal docente funcionario sen licenza nos últimos dous anos (2017/18 e 2018/19) con persoal interino.
- e) Todo o persoal docente funcionario con licenza nos últimos dous anos (2017/18 e 2018/19) con persoal interino.
- f) Todo persoal interino.

2. A distribución da duración das licenzas por modalidades, expresada en meses, é a que se recolle no anexo I desta resolución.

Segundo. Modalidades de licenzas por formación

As licenzas por formación, todas elas retribuídas, poden solicitarse para as seguintes modalidades:

Modalidade 1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e secundaria. Os materiais deberán incluír aspectos tanto da atención á diversidade como de convivencia nestes niveis.

Ten por obxecto a creación de materiais dixitais para o programa de educación dixital en niveis obrigatorios e segundo ciclo de educación infantil. Valorarase preferentemente a creación de secuencias didácticas completas das materias de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria, por esta orde:

- Materias troncais obrigatorias e libre configuración autonómica obrigatorias

- Libre configuración autonómica
- Específicas
- Materias doutros cursos ou niveis.

Daráselles preferencia a aqueles materiais que permitan o visionamento en calquera tipo de dispositivo, incluídos os móbiles, é dicir, HTML5, HTML ou Javascript. A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, de acordo co cronograma do proxecto aprobado.

Modalidade 2. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e secundaria. Os materiais deberán incluír aspectos tanto da atención á diversidade como de convivencia nestes niveis.

Ten por obxecto a creación de materiais dixitais para o programa de educación dixital en niveis obrigatorios e segundo ciclo de educación infantil. Valorarase preferentemente a creación de secuencias didácticas completas das materias de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria, por esta orde:

- Materias troncais obrigatorias e libre configuración autonómica obrigatorias
- Libre configuración autonómica
- Específicas
- Materias doutros cursos ou niveis.

Daráselles preferencia a aqueles materiais que permitan o visionamento en calquera tipo de dispositivo, incluídos os móbiles, é dicir, HTML5, HTML ou Javascript. A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, de acordo co cronograma do proxecto aprobado. En calquera caso, o tempo total da licenza entre todos os membros do grupo non poderá superar os seis meses.

Modalidade 3. Proxectos individuais para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares

plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.

Ten por obxecto a elaboración ou adaptación de materiais plurilingües que desenvolvan actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación ás cales se refire o punto 2 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Esta modalidade terá as seguintes submodalidades:

- Submodalidade 3.a. Elaboración de materiais inéditos nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras.
- Submodalidade 3.b. Actualización de materiais creados en convocatorias anteriores, entendendo por actualización a posta ao día dos contidos destes materiais dentro do ámbito procedente (científico, tecnolóxico, lexislativo...) e, simultaneamente, a súa adaptación a unha ou máis linguas estranxeiras.

Con carácter xeral, serán obxecto de elaboración de materiais os módulos profesionais de formación profesional establecidos ao abeiro da LOE.

No anexo VIII relaciónanse os módulos profesionais que xa foron obxecto de elaboración de materiais noutras convocatorias, coa indicación do número de horas dispoñibles para elaborar e do número de horas dispoñibles para a súa adaptación.

Está dirixida preferentemente ao profesorado que fose formado pola Consellería no procedemento de elaboración de programación de módulos da LOE (cursos, proxectos de formación profesional, grupos de traballo etc.).

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, de acordo co cronograma do proxecto aprobado.

No caso de que dous proxectos sexan seleccionados e valorados coa mesma puntuación para a elaboración de materiais curriculares dun mesmo módulo, valorarase preferentemente aquel que, entre as linguas oficiais, propoña a súa elaboración en galego.

Modalidade 4. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.

Ten por obxecto a elaboración de materiais plurilingües inéditos que desenvolvan actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación ás cales se refire o punto 2 do artigo 23 da citada Orde do 12 de xullo de 2011.

Os materiais poderán ser redactados nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras.

No caso de que dous proxectos sexan seleccionados e valorados coa mesma puntuación para a elaboración de materiais curriculares dun mesmo módulo, valoraranse preferentemente aquel que, entre as linguas oficiais, propoña a súa elaboración en galego.

Con carácter xeral, serán obxecto de elaboración de materiais os módulos profesionais establecidos ao abeiro da LOE.

No anexo VIII relaciónanse os módulos profesionais que xa foron obxecto de elaboración de materiais noutras convocatorias, coa indicación do número de horas dispoñibles para a súa elaboración.

Está dirixida preferentemente ao profesorado que fose formado pola Consellería no procedemento de elaboración de programación de módulos da LOE (cursos, proxectos de formación profesional, grupos de traballo etc.).

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, de acordo co cronograma do proxecto aprobado.

En calquera caso, o tempo total da licenza entre todos os membros do grupo non poderá superar os nove meses.

Modalidade 5. Proxectos individuais ou en grupos de dous a tres membros para a creación ou a remodelación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.

Ten por obxecto a creación de cursos novos non presenciais de formación do profesorado, ou a remodelación dos xa existentes, que poderán impartirse na Plataforma de teleformación galega (Platega). No portal educativo publicarase unha listaxe con suxestións para as temáticas de cursos novos ou para a súa remodelación. A presentación do proxecto realizarase segundo as instrucións proporcionadas polo departamento correspondente do Centro Autonómico de

Formación e Innovación (CAFI), que coordinará a creación ou remodelación do curso. O obxectivo desta modalidade, de ser o caso, é ademais da creación ou a remodelación a posterior titorización dos cursos, segundo o compromiso recollido no anexo V e nas condicións normativas establecidas no desenvolvemento de actividades de formación permanente do profesorado. A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

Os/as participantes que se acollan a esta modalidade, que deberán demostrar competencia avanzada en Moodle 2.6, realizarán unha formación específica mediante o curso na Rede “Crear cursos Platega” sobre o deseño e creación dun curso na Rede en Platega durante o primeiro trimestre do curso 2019/20, salvo que acrediten que xa teñen superado este curso de formación específica; neste caso poderá gozarse da licenza durante o primeiro trimestre do curso 2019/20. A concesión desta licenza queda supeditada á avaliación positiva desta formación.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses para a creación individual dun curso novo, ou de seis se é en grupo; para a remodelación dun curso existente a duración máxima será de dous meses se a licenza é individual ou ata catro meses se é en grupo, sempre de acordo co cronograma do proxecto aprobado.

Modalidade 6. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.

Ten por obxecto o perfeccionamento da lingua estranxeira correspondente e a consecución da cualificación necesaria para promover a creación ou a continuación do programa de centros plurilingües e/ou de seccións bilingües, segundo o compromiso recollido no anexo VI.

Este perfeccionamento levarase a cabo mediante cursos centrados no perfeccionamento lingüístico intensivo, de cando menos 20 sesións semanais de, como mínimo, 45 minutos cada unha, realizados en todo caso nun país estranxeiro, con preferencia para países da Unión Europea, Estados Unidos e Canadá. Estes cursos deberán estar vinculados ao MCERL ou de metodoloxía CLIL.

Deberase ter en conta o seguinte:

- Deberán presentar unha declaración responsable de que o nivel que teñen declarado en Persoal é o maior nivel do MCERL que realmente posúen, segundo o modelo recollido no anexo VI.

A duración da licenza está directamente vinculada ao tempo efectivo de formación recibida.



Está dirixida preferentemente ao profesorado non especialista de ensino primario e secundario que acredite como mínimo o nivel B2 en lingua estranxeira do MCERL ou teña coñecemento equivalente acreditable segundo a Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta Consellería, agás o establecido para o profesorado que actualmente está en seccións bilingües, na disposición adicional primeira.

A adxudicación de licenzas realizarase consonte a seguinte orde de preferencia: en primeiro lugar, o profesorado non especialista de segundo ciclo de educación infantil, ensino primario e secundario e o profesorado que imparta docencia na formación profesional e, en segundo lugar, o profesorado especialista en linguas estranxeiras.

A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV. O proxecto centrarse na presentación do plan de perfeccionamento da lingua que se desenvolverá durante o período da licenza.

As licenzas desta modalidade terán unha duración mínima dun mes e máxima de tres meses.

As persoas participantes nesta modalidade deberán realizar unha proba durante os seis meses posteriores ao finalizar a actividade, pola que se poida acreditar, como mínimo, un nivel superior do MCERL ao acreditado no momento de presentación da solicitude de participación na presente convocatoria. No caso de que a través desta proba se acredite un nivel lingüístico superior ao que se tiña acreditado no momento de presentación da solicitude, procederase á actualización de oficio desta circunstancia no expediente de datos persoais da persoa participante. A non realización da dita proba será causa de exclusión en futuras convocatorias de licenzas por formación.

Para os efectos desta convocatoria enténdese que os/as catedráticos/as e profesores/as de ensino secundario e os/as catedráticos/as e profesores/as das EEOOI que teñan a especialidade nunha lingua estranxeira, teñen acreditado o nivel C2 na lingua estranxeira na que teñan a especialidade, e os/as mestres/as que teñan a especialidade nunha lingua estranxeira teñen acreditado o nivel B2 nesa lingua.

O profesorado participante nesta convocatoria que teña acreditado no momento de presentación da solicitude un nivel C2 do MCERL na lingua obxecto de estudo, non deberá realizar a proba



descrita anteriormente.

O nivel lingüístico alegado para a participación nesta convocatoria deberá ser en todo caso o nivel máximo que a persoa solicitante teña acreditado no momento de presentación da solicitude. O incumprimento do establecido neste parágrafo poderá dar lugar á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co vixente Regulamento do réxime disciplinario do persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Requisitos

1. As persoas candidatas a calquera das modalidades de licenza reguladas nesta resolución deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Persoal docente funcionario.

1º. Estaren en situación de servizo activo e prestando servizos ininterrompidos durante os cursos 2017/18 e 2018/19, e no 2019/20 seguren tendo destino e exercendo docencia directa con alumnado en centros docentes educativos dependentes da Consellería.

2º. Non teren destino en comisión de servizos durante o curso 2019/20, agás o profesorado destinado en centros de ensinanzas artísticas superiores, o persoal das escolas oficiais de idiomas e o que estea a gozar dunha comisión de servizos por conciliación da vida familiar e laboral ou por motivos de saúde.

3º. Cando os participantes fosen beneficiarios dunha licenza por formación no curso 2018/19, a obtención da cualificación de apto no traballo desenvolvido será condición indispensable para a obtención dunha licenza nesta convocatoria.

b) Persoal en prácticas

O persoal en prácticas poderá solicitar unha licenza por formación en todo caso, pero non poderá gozar dela no período efectivo das prácticas.

c) Persoal interino.

Para estes efectos entenderase como profesorado interino unicamente aquelas persoas que teñan nomeamento como tal ata o remate do curso académico correspondente.

2. Ademais, nas modalidades 3 e 4:

O profesorado solicitante deberá ter atribución docente no módulo ou módulos solicitados. No caso de elaborar ou adaptar materiais nalgunha lingua estranxeira, deberase acreditar a competencia lingüística nesta lingua no nivel B2 do MCERL.

Na modalidade 4, cumprirá que polo menos un membro do grupo de traballo teña acreditada esta competencia lingüística, ou que un membro sexa da especialidade do idioma no que se vaian elaborar ou adaptar os materiais, sen que sexa necesario, neste caso, ter atribución docente no módulo ou módulos solicitados.

Na submodalidade 3.a e na modalidade 4, a suma da duración das actividades elaboradas será dun mínimo de 15 horas por persoa e mes de duración da licenza.

Na submodalidade 3.b a suma da duración das actividades adaptadas será dun mínimo de 45 horas por persoa e mes de duración da licenza.

3. Obteren os mínimos previstos nesta convocatoria.

Cuarto. Solicitudes, documentación e prazo de presentación

1. Preinscrición

a) O profesorado interesado en participar nesta convocatoria deberá facer a súa preinscrición a través da aplicación informática FProfe (<https://www.edu.xunta.es/fprofe>) desde o día seguinte á publicación desta resolución ata o XX de XXXX, inclusive. Non será tida en conta outro tipo de preinscrición, que será única e para unha soa modalidade.

No caso de licenzas grupais (modalidades 2, 4 e 5), a preinscrición será realizada por unha soa persoa que actuará en representación de todo o grupo.

b) A realización da preinscrición é un requisito necesario para a formalización da solicitude; resultarán excluídas aquelas que non a realicen segundo os termos establecidos na alínea a).

2. Solicitudes

Unha vez que sexa aprobada a preinscrición, a persoa solicitante completará a súa solicitude de



participación, única e para unha soa modalidade, a través da aplicación FProfe (<https://www.edu.xunta.es/fprofe>). Nesta aplicación cubriranse os datos solicitados, e cargarse, nun único arquivo, o seguinte:

- a) Para todas as modalidades, proxecto de traballo segundo o contido do Anexo IV. A persoa que solicite a modalidade 3.b non cubrirá a alínea d) do proxecto.
- b) Para as modalidades 1 e 2, unha demostración ou exemplo desenvolvido, elaborado coa/s ferramenta/s que utilizará segundo o seu proxecto.
- c) Para a modalidade 5, unha maqueta do curso na plataforma dixital Platega (Moodle 2.6), especificando a descrición de cada bloque (obxectivos, contidos, espazos de comunicación e interacción, tarefas...) e o Anexo V debidamente cuberto. Para a elaboración da maqueta, os solicitantes poñeranse en contacto co CAFI (cafi.tic@edu.xunta.es), que lles facilitará un espazo en Platega co modelo e directrices que deben seguir. Para a achega da maqueta, bastará con incorporar no proxecto a ligazón de Platega onde se aloxa.

Unha vez finalizada a solicitude a aplicación xerará automaticamente o Anexo II, que se deberá presentar nun rexistro válido no prazo sinalado nesta convocatoria, xunto coa seguinte documentación (no caso de non tela acreditada no expediente persoal e unicamente aos efectos desta convocatoria):

- a) Para as modalidades 1, 3 e 6: acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no Anexo III desta resolución. As modalidades 2, 4 e 5, ao seren de grupo, quedan exentas.
- b) Nas modalidades 3 e 4, no caso de elaborar ou adaptar materiais nalgunha lingua estranxeira, para acreditar a competencia lingüística nesta lingua no nivel B2 do MCERL, deberán presentar a documentación que acredite esta circunstancia.
- c) Ademais, na modalidade 6, o Anexo VI debidamente cuberto e, de ser o caso, a documentación que acredite a competencia lingüística na lingua correspondente, como mínimo no nivel B2 do MCERL, e declaración responsable de ser este o máximo nivel de competencia lingüística que se posúe.

3. Presentación

A solicitude xerada en FProfe e a documentación a achegar, débense presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou o/a representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número de código único de rexistro.

Todas as persoas participantes deberán presentar relación numerada e asinada da documentación entregada, seguindo a orde que aparece no indicado Anexo III. Non se terán en conta nin se valorarán os méritos nin os servizos alegados e non xustificados debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo de presentación.

Cómpre salientar que, de acordo co establecido no apartado anterior, non terán que presentarse os documentos xustificativos de méritos alegados que xa fosen achegados polo profesorado para completar o seu expediente persoal na aplicación informática a través do enderezo www.edu.xunta.es/datospersoais

4. Prazos

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

Quinto. Consentimentos e autorizacións

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.



2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstas nesta norma, salvo que xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 53 d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Sexto. Comisión de selección

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (en diante, a dirección xeral) ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro, con categoría de titular de subdirección xeral, xefatura de servizo ou membro da Inspección educativa, por designación da persoa titular da dirección xeral.

Secretaría: unha persoa funcionaria da Consellería, que actuará con voz e sen voto.

Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión, para os efectos dun mellor coñecemento e unha mellor valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, por medio da dirección xeral, á Inspección educativa ou ás persoas especialistas da citada Consellería.

2. A comisión poderá dispor a constitución dunha subcomisión técnica especializada, só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos no baremo do anexo III. Ás reunións desta subcomisión poderá asistir unha persoa representante de cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.



3. Esta comisión estará incluída na categoría que corresponda para os efectos do previsto no Decreto 144/2008, do 26 de xuño –que modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño–, concretado na Resolución do 20 de xuño de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de xuño de 2008 respecto da actualización do previsto no anexo IV do citado Decreto 144/2001.

Sétimo. Criterios de selección e puntuación provisional

1. A comisión seleccionadora baremará as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos nesta resolución.

Nas modalidades 1, 2 e 5 é requisito alcanzar, como mínimo, o 40 % da puntuación en cada punto que se recolle no anexo IX para poder optar a unha licenza.

Nas modalidades 3, 4 e 6 é requisito acadar unha puntuación mínima de 8 puntos na valoración do proxecto, segundo se recolle no anexo IX.

No caso de ter gozado dunha licenza no curso 2018/19, contar coa cualificación de 'apto' no traballo desenvolvido.

2. En caso de empate, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 2 do baremo.

c) Maior puntuación no punto 3 do baremo.

3. No caso de se produciren vacantes nalgunha das modalidades, poderán acumularse ás outras modalidades. En ningún caso poderá excederse o número total de meses establecido no anexo I.

4. A puntuación provisional obtida polas persoas candidatas farase pública no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>), e abrirase un prazo de dez días hábiles para efectuar reclamacións ante a presidencia da comisión.

No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior presentarase as posibles renuncias á concesión das licenzas, dirixidas á presidencia da mencionada comisión seleccionadora.



Oitavo. Resolución definitiva

1. Logo de resoltas as reclamacións, a comisión seleccionadora remitirá ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a proposta de resolución da concesión de licenzas por formación, xunto coa acta ou as actas definitivas, nas cales se indicarán as valoracións outorgadas a cada persoa candidata, así como a relación final de persoas beneficiarias das licenzas. Esta proposta de resolución definitiva da dirección xeral publicárase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

2. No caso das persoas que gozasen dunha licenza no curso 2018/19 e non estivese valorada esta no momento da resolución provisional, a concesión provisional da licenza estará condicionada á obtención da cualificación de 'apto' naquela.

3. Unha vez resolta esta convocatoria, só se admitirán renuncias ás licenzas concedidas e modificacións no desenvolvemento do proxecto aprobado en casos excepcionais e libremente valorados pola Consellería.

As solicitudes de renuncia á licenza concedida e calquera modificación que se desexe introducir nelas deberán dirixirse previamente e por escrito á dirección xeral. En ningún caso poderán introducirse modificacións nas licenzas sen a correspondente resolución de autorización da dirección xeral.

4. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses desde a data de publicación desta resolución.

Noveno. Período de desenvolvemento das licenzas

O período de desenvolvemento para o exercicio das licenzas é o abranguido entre o 15 de setembro de 2019 e o 30 de xuño de 2020, agás para a modalidade 5 (proxectos individuais ou en grupos de dous a tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado) que será no segundo trimestre do curso 2019/20; e a modalidade 6



(Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior), que será o comprendido entre o 15 de setembro de 2019 e o 31 de agosto de 2020.

Décimo. Obrigas das persoas beneficiarias

1. Nas modalidades 1, 2 e 5, unha persoa asesora do CAFI e, nas modalidades 3 e 4, unha persoa asesora do Servizo de Ordenación e Formación Profesional ou das estruturas de formación do profesorado porase en contacto coas persoas beneficiarias co fin de lles transmitir as instrucións para a elaboración dos materiais. Durante o período de duración da licenza, as persoas beneficiarias asumen a obriga de entregar os documentos precisos para lle facilitar o labor de seguimento correspondente e de seguir, de ser o caso, as súas indicacións técnicas.

2. No caso de que durante o seguimento da licenza se observase algún incumprimento por parte das persoas beneficiarias, estas poderán perder o dereito de continuar gozando dela.

3. As persoas beneficiarias das licenzas serán convocadas ás reunións que sexan necesarias, de carácter obrigatorio, para establecer as pautas de coordinación e indicacións técnicas xerais.

4. Nas modalidades 1, 2 e 5, no prazo máximo dun mes desde a finalización da licenza, as persoas beneficiarias presentarán a correspondente documentación xustificativa do cumprimento dos obxectivos previstos. Nas modalidades 3 e 4 o prazo máximo será de dous meses, e na modalidade 6, de dez días hábiles. Así mesmo, realizarase unha valoración final que lles será comunicada aos/ás beneficiarios/as. Esta valoración será de 'apto' ou 'non apto' en función de que a persoa beneficiaria cumprise ou non os obxectivos indicados no proxecto presentado xunto coa solicitude de licenza por formación. Na modalidade 6, a maiores, para acadar a cualificación de 'apto' será requisito a realización do número de horas de formación á que se comprometeu no proxecto de licenza, coas marxes establecidas na normativa de formación do profesorado.

A citada documentación enviarase á dirección xeral (Servizo de Formación do Profesorado), e constará dos seguintes elementos:

a) Para as modalidades 1 a 5, os seguintes elementos comúns:

a.1) Unha declaración xurada ou promesa (de cada membro do equipo ou do representante da entidade) de posuír, como responsables da autoría, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais



presentados –incluídos sons, vídeos, animacións, flash, textos... que forman parte dos obxectos dixitais educativos (ODE)–, e de que estes non estean comercializados. A autoría deberá aparecer expresada na portada do traballo obxecto da licenza. Esta declaración deberá axustarse ao modelo recollido no anexo X.

a.2) No caso de que se inclúan imaxes de persoas, en aplicación da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, achegaranse as correspondentes autorizacións, que no caso de menores de 14 anos corresponderanlles ás persoas proxenitoras ou responsables, en soporte impreso e electrónico (PDF), debidamente cubertas e asinadas, segundo o establecido no protocolo de protección de datos da Consellería.
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf

a.3) Poderanse incluír outros materiais complementarios que os autores e as autoras consideren de interese.

a.4) As persoas beneficiarias deberán asinar un contrato de cesión de dereitos de explotación dos documentos de apoio ou referencia aportados nos materiais, non elaborados na propia licenza, aos que se refire o punto de 3 do artigo 15.

b) Elementos específicos para cada modalidade:

b.1) Para as modalidades 1 e 2:

b.1.1) Unha guía didáctica (en formato PDF ou RTF) en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.

b.1.2) Orixinal en soporte dixital dos materiais elaborados, preparado para a súa publicación en Internet, preferentemente con empaquetaxe SCORM. Para isto último, deberanse seguir as recomendacións sobre creación e estrutura de contidos dixitais dispoñibles no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/web/ODEs>

b.1.3) Un manual de uso (en formato PDF ou RTF) en que se expliquen, cunha linguaxe axeitada para o nivel do alumnado, as pautas de utilización do material. Cando, por razóns especiais, non se estime necesario este documento, deberase razoar a decisión nun documento específico de



igual título.

b.1.4) Un documento técnico en galego e castelán (en formato PDF ou RTF) en que se especifiquen os pasos que haxa que seguir para a instalación e os parámetros de configuración e execución da aplicación desde Internet e no servidor cliente.

b.2) Para as modalidades 3 e 4:

Orixinal en soporte dixital dos materiais elaborados, no cal constará:

1. Programación dos módulos profesionais dos cales se elaboran materiais, realizada mediante a aplicación informática de elaboración de programacións da Consellería.

2. As actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación elaboradas que desenvolvan algunha das relacionadas no punto 4.a) da correspondente programación. Estas actividades deben ser entregadas en soporte dixital editable.

Os materiais elaboraranse seguindo o formato e as instrucións que especifique o Servizo de Ordenación e Formación Profesional.

b.3) Para a modalidade 5:

b.3.1) Unha guía didáctica (en formato PDF ou RTF) en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.

b.3.2) Orixinal en soporte dixital editable dos materiais elaborados para o curso que estean embebidos na Platega e aloxados en servizos externos (Youtube, Slideshare, Issuu etc.).

b.4) Para a modalidade 6:

b.4.1) Memoria final segundo o guión que figura no anexo VII.

b.4.2) Certificación orixinal ou unha fotocopia compulsada expedida polo centro ou a institución onde se realizou o perfeccionamento na lingua estranxeira, con expresión da duración en datas e número total de horas da formación recibida, así como unha tradución desa certificación.



Décimo primeiro. Situación administrativa das persoas beneficiarias

Durante o tempo de duración dunha licenza, o persoal docente seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias. As persoas beneficiarias dunha licenza consideraranse, para todos os efectos, en situación de servizo activo. Consecuentemente con isto, se o beneficiario dunha licenza durante o seu desenvolvemento está de baixa médica deberá comunicalo á Consellería. Esta baixa, en función da súa duración, poderá dar lugar a unha modificación da licenza ou, de ser o caso, a unha revogación dela cando a imposibilidade de continuar o traballo quede acreditada.

Décimo segundo. Incompatibilidades

1. A concesión de licenzas é incompatible coa realización de calquera outra actividade remunerada pública ou privada, así como coa participación no curso 2019/20 en programas europeos, estadias formativas en empresas e actividades formativas no estranxeiro ofrecidas á marxe desta convocatoria.
2. A persoa solicitante que obteña praza en calquera das convocatorias a que se refire o punto anterior deberá notificalo urxentemente e por escrito á dirección xeral.
3. A concesión con carácter definitivo dunha licenzas por formación para o curso 2019/20 é incompatible coa adxudicación de actividades do Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o curso 2019/20. Polo tanto, as persoas que teñan unha adxudicación definitiva de actividades do PIALE para o curso 2019/20, quedarán excluídas do proceso de selección de licenzas por formación.

Décimo terceiro. Responsabilidades por incumprimento

O incumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da licenza ou á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co establecido no título IX (Régime disciplinario) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Décimo cuarto. Seguimento

A dirección xeral efectuará o axeitado seguimento e control dos estudos e dos traballos que se realicen durante o período da licenza, e poderá solicitar directamente, a través de entrevista ou por medio da Inspección educativa, información sobre o traballo realizado e sobre o que quede



pendente, de tal xeito que o incumprimento do establecido no proxecto inicial poderá dar lugar á revogación da licenza.

Décimo quinto. Propiedade dos materiais

1. Con independencia do recoñecemento da súa autoría, os materiais realizados serán propiedade da Consellería, que reserva para si o dereito de reprodución, distribución e comunicación pública, e poderaos distribuír baixo unha licenza Creative Commons sexa *BY-NC-SA "recoñecemento"- "non comercial"- "compartir igual"* .

2. Os autores e as autoras, para poderen difundir pola súa conta os devanditos traballos, farán constar na correspondente difusión que o traballo foi realizado durante unha licenza retribuída pola consellería.

3. No caso de incluír nos materiais didácticos documentos de apoio ou referencia, os autores e as autoras deberán asegurarse que estes estean suxeitos aos mesmos termos da licenza dos materiais, ou ben obter un contrato explícito de cesión de dereitos de explotación para tal finalidade.

Décimo sexto. Retirada de documentación

A partir dun mes da data de publicación da resolución no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>), as persoas interesadas ou aquelas que autoricen disporán dun prazo de tres meses para retiraren a documentación perante a presidencia da comisión. Transcorrido o dito prazo, entenderase que renuncian á súa devolución.

Décimo sétimo. Réxime dos recursos

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Décimo oitavo. Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo poderase obter información a través dos seguintes medios:



a) Na páxina web: www.edu.xunta.es

b) Nos teléfonos:

- 881 99 76 35. Cuestións administrativas e modalidade 6.
- 981 52 24 11 (CAFI-Departamento Educación Dixital). Incidencias con Fprofe e modalidades 1, 2 e 5.
- 981 54 65 52. Modalidades 3 e 4.

c) No enderezo electrónico: licenzas.fprofe@edu.xunta.es

Disposición adicional primeira. Acceso especial á modalidade 6

Excepcionalmente, o profesorado que estea nunha sección bilingüe e posúa nivel B1 na lingua estranxeira que corresponda poderá optar a unha licenza por formación dentro da modalidade 6, cando a licenza teña por obxecto acadar a acreditación do nivel B2, e sirva para a consolidación no seu desempeño. En ningún caso se poderá facer uso desta excepcionalidade en máis de dúas convocatorias.

Disposición adicional segunda. Adxudicación doutras prazas de formación

Cando do marco das accións de colaboración, promoción e cooperación establecidas entre a Consellería e outras institucións ou entidades derive unha oferta de accións formativas para o profesorado, estas poderán adxudicarse, de ser o caso, dentro da cota de prazas ofertadas nesta resolución, en atención á modalidade retribuída que por analogía lles corresponda.

Disposición adicional terceira. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.
2. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.

3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

Santiago de Compostela, ____ de ____ de 2019

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO I

Distribución das licenzas por formación por meses segundo as modalidades

Modalidades	Mese s
1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e secundaria. Os materiais deberán incluír aspectos tanto de atención á diversidade como de convivencia nestes niveis.	80
2. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e secundaria. Os materiais deberán incluír aspectos tanto de atención á diversidade como de convivencia nestes niveis.	80
3. Proxectos individuais para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.	
Submodalidade 3.a. Elaboración de materiais inéditos nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras.	24
Submodalidade 3.b. Actualización de materiais creados en convocatorias anteriores e, simultaneamente, a súa adaptación a unha ou máis linguas estranxeiras.	6
4. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.	70
5. Proxectos individuais ou en grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.	40
6. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.	200
Total	500



PROCEDEMENTO LICENZAS POR FORMACIÓN PARA O PROFESORADO	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			SEXO		
				<input type="checkbox"/> Home		<input type="checkbox"/> Muller	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		DNI/NIE	
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a:		o Persoa solicitante			o Persoa representante		
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL				CORREO ELECTRÓNICO			
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
● Electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
● Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.							
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
DATOS							



PROFESIONAIS		
CORPO OU ESCALA DA PERSOA SOLICITANTE		
DISCIPLINA, MATERIA, ÁREA	NRP	
CÓDIGO DO CENTRO (8 díxitos)	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO DA PERSOA SOLICITANTE
		@edu.xunta.gal

LICENZA POR FORMACIÓN QUE SOLICITA

- Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais para primaria e secundaria. Os materiais deberán incluír aspectos tanto de atención á diversidade como de convivencia nestes niveis.
- Grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para primaria e secundaria. Os materiais deberán incluír aspectos tanto de atención á diversidade como de convivencia nestes niveis.
- Proxectos individuais para a elaboración ou adaptacións de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.
 - 3a. Elaboración de materiais inéditos nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras.
 - 3b. Actualización de materiais creados en convocatorias anteriores e, simultaneamente, a súa adaptación a unha ou máis linguas estranxeiras
- Grupos de traballo para a elaboración de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.
- Proxectos individuais ou en grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.
- Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior

PERÍODO PARA O QUE SOLICITA A LICENZA POR FORMACIÓN

Do de de ao de de

Solicitou comisión de servizos para o curso 2019/20? SI NON
 Gozou con anterioridade dunha licenza por formación concedida pola Consellería? SI NON ANO

No caso dos funcionarios do corpo de inspectores de educación, indicárase a materia ou área correspondente ao seu exercicio como docente. No lugar do centro indicarán o servizo de destino e a sede.

No caso das modalidades 2, 4 e 5, datos das restantes persoas que conforman os grupos					
Membro 1					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
Membro 2					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

Anexo II debidamente cuberto (para todas as modalidades)
Proxecto consonte coa modalidade solicitada (para todas as modalidades)
Modalidades 1, 3 e 6: acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera outra índole e que queiran alegar (só no caso de que non figuren no expediente persoal da persoa solicitante). Xustificaranse mediante os documentos que se especifican no anexo III.
Modalidades 1 e 2: unha demostración ou exemplo desenvolvido, elaborado coa/s ferramenta/s que utilizará segundo o proxecto.
Modalidades 3 e 4: copia da documentación que acredite a competencia lingüística (B2) do MCERL, de ser o caso.
Modalidade 5: unha maqueta do curso na plataforma dixital Platega (moodle 2.6), especificando a descrición de cada bloque (obxectivos, contados, espazos de comunicación e interacción, tarefas...) e o anexo V debidamente cuberto.
Modalidade 6: anexo VI debidamente cuberto e, de ser o caso, acreditación da competencia lingüística B2, como mínimo, do MCERL na lingua correspondente.

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
▪ DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
▪ DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
▪ Acreditación dos méritos académicos ou de calquera outra índole	<input type="checkbox"/>
▪ Acreditación da competencia lingüística (B2 do MCERL), de ser o caso	<input type="checkbox"/>

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do ___ de ___ de 2019 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2019/20 destinadas ao



funcionariado docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

_____, __ de _____ de 2019

BOI
CCOO
ensino

ANEXO III

Baremo

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos máximo	Documentos
1. Proxecto de traballo. 1.1. Será necesario alcanzar un mínimo de oito puntos.	Ata 20 puntos	20	O solicitado para cada modalidade no anexo IV
2. Méritos docentes: 2.1. Servizos docentes. Por cada ano de servizos na función pública docente (non se computarán os exixidos como requisito).	1 punto por ano completo	Por esta subepígrafe, ata 10 puntos	
3. Actividades de formación permanente do profesorado organizadas ou homologadas polas administracións educativas.			
3.1. Docencia en actividades de formación do profesorado. Nota: para titores e titoras de prácticas de mestres e mestrás, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,15 puntos por cada ano.	Por cada dez horas: 0,10 puntos	2	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas (Só no caso de que non figuren no expediente persoal)
3.2. Coordinación e/ou asistencia a actividades de formación do profesorado.	Por cada dez horas: 0,10 puntos	4	
4. Méritos académicos non exixidos para o ingreso no corpo.			Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de estudos, de ser o caso (Só no caso de que non
4.1. Título de doutoramento.	1,50 puntos	4	
4.2. Licenciatura ou grao.	1 punto		
4.3. Diplomatura ou equivalente.	0,5 puntos		



<p>4.4. Por cada ciclo formativo de grao superior ou grao de ensinanzas de réxime especial ou de grao superior de formación profesional.</p>			
<p>4.5. Outros estudos de posgrao: diploma de estudos avanzados (DEA) ou equivalente, títulos propios da universidade, mestrados etc.).</p>	<p>0,25 puntos</p>		
	<p>0,25 puntos</p>		

CCCOO
 ensino

ANEXO IV

Esquema dos contidos dos proxectos e documentación complementaria

Modalidades 1 e 2. Proxectos individuais ou grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e secundaria. Os materiais deberán incluír aspectos tanto de atención á diversidade como de convivencia nestes niveis.

1. Presentarase unha proposta sobre o traballo que se vaia realizar durante o período da licenza, onde se concretará, de xeito especial, como se levarán a cabo as fases de posta en práctica e avaliación. Nesta proposta, que deberá ser de carácter tanto organizativo como curricular, farase constar:

a) Título do proxecto.

b) Materia ou materias e cursos a que se dirixa e ámbito ou ámbitos, de ser o caso, en que se desenvolverá dentro da modalidade.

c) Descrición do proxecto: obxectivos do recurso, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave (referidos ao currículo oficial, coa correspondente codificación dos diferentes elementos), metodoloxía de aplicación, estratexias de atención á diversidade e á convivencia, instrumentos de avaliación para o alumnado e outros ítems que os solicitantes consideren oportuno incluír.

d) Descrición do soporte e das ferramentas que se utilizarán para a elaboración do material.

e) Número mínimo de obxectos dixitais educativos (ODE), unidades didácticas (UD) ou recursos que se comprometen a achegar.

f) Cronograma da organización e realización do proxecto con especificación das entregas parciais.

g) Un exemplo desenvolvido que permita valorar o recurso que se vai elaborar.

h) Outros aspectos de interese.

A non inclusión dalgún dos puntos anteriores suporá a non baremación do proxecto.

Os participantes especificarán no programa un compromiso de entregas temporalizadas, así como un índice detallado das partes do proxecto. Poderase obter unha valoración negativa se non se cumpre o compromiso de entregas.

2. Requisitos e características dos materiais dixitais:

Os recursos terán que visualizarse correctamente nas últimas versións dos navegadores máis comúns. Deben funcionar sen necesidade de instalar ningún complemento específico ou navegador, agás os de Flash e Java.

Todos os materiais cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa expresada na disposición adicional quinta, punto 1 («Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos») da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizo da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas en Internet, e no Real Decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público.

Características dos materiais dixitais:

Multimedia, interactividade, accesibilidade, adaptabilidade, interoperabilidade e portabilidade. Os materiais presentados non poderán incluír publicidade de empresas, produtos nin servizos comerciais.

Presentarase en soporte dixital (exclusivamente memoria USB, correctamente etiquetada).

O material incluírá todas as páxinas e os ficheiros necesarios para a correcta execución da súa interactividade, tanto se se executa esta en modo servidor como se se trata de módulos ou aplicacións que actúan en modo cliente.

Os materiais estarán realizados con tecnoloxía que permita a súa visualización cun navegador estándar sobre distintos sistemas operativos, libres e propietarios, e poderán ser executados en local.



O material creado publicarase baixo a licenza Creative Commons *BY-NC-SA* que combina as seguintes propiedades: recoñecemento, non comercial e compartir igual.

O arquivo comprimido zip de cada obxecto dixital educativo (en diante, ODE) creado terá un peso nunca superior a 100 Mb. Cada traballo pode ter os ODE que o autor considere necesarios para desenvolver o proxecto presentado.

Os traballos entregaranse en soporte físico. Non virán protexidos con contrasinal. Tampouco se admitirán materiais aloxados en Internet en servizos da Web 2.0.

Tanto nos arquivos de entrega como nos nomes dos arquivos de recursos que se utilizan para elaborar o material ou que se vinculan dentro del (é dicir, en toda a estrutura de navegación) é importante non usar espazos, eñes, acentos nin caracteres especiais.

3. Os traballos e as investigacións que supoñan unha actuación en centros docentes ou noutras institucións públicas ou privadas xuntarán certificado de conformidade das respectivas direccións, co visto e prace da Inspección educativa ou autorización das persoas responsables das institucións, de ser o caso.

4. O proxecto terá unha extensión máxima de 8.000 palabras.

Modalidades 3 e 4. Proxectos individuais ou grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.

1. Presentarase unha proposta sobre as actividades que se vaian realizar durante o período da licenza, onde se fará constar:

a) Ciclo formativo e módulo profesional, duración total das actividades que se vaian elaborar e, de ser o caso, linguas estranxeiras en que se van elaborar os materiais.

b) Participantes: datos persoais e profesionais.

c) Breve descrición do contido do proxecto.

d) Segundo o establecido no manual de elaboración de programacións dos módulos profesionais dispoñible no enderezo www.edu.xunta.es/programacions:



1º. Proposta de relación de unidades didácticas do módulo profesional, así como das actividades que se vaian desenvolver, cunha breve descrición e a duración para cada unha delas.

2º. Para as actividades incluírase, ademais, a asignación dos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación que se tratarán en cada unha delas.

e) Planificación e temporalización das diferentes fases de execución do proxecto.

f) Deberase indicar a relación priorizada de ata tres módulos profesionais dos cales o solicitante está disposto a elaborar ou adaptar materiais curriculares, como posible alternativa ao definido na alínea a).

Esta relación empregarase como alternativa para a elaboración dos materiais da licenza no caso de que dous proxectos sexan seleccionados para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares do mesmo módulo. Neste caso darase prioridade a aquel proxecto que complete a maior porcentaxe do material pendente do módulo. No caso de non indicar a relación priorizada dos módulos profesionais sinalados, ou ben que todos os módulos solicitados estean propostos para a súa elaboración ou que xa estivesen elaborados, as persoas beneficiarias de licenza asumirán a proposta realizada pola dirección xeral. En caso de desacordo, poderán renunciar á adxudicación da licenza no prazo de dez días ao que se refire a alínea sexta, punto 4, desta resolución.

2. O proxecto terá unha extensión máxima de 8.000 palabras.

Modalidade 5. Proxectos individuais ou en grupos de dous ou tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.

1. Presentarase unha proposta sobre o curso a distancia que se vaia realizar durante o período da licenza, na cal se fará constar:

a) Título do proxecto.

b) Áreas de traballo con especificación das subcompetencias correspondentes.

c) Datos xerais do curso na Rede (perfil de participantes a que se dirixirá, duración, obxectivos e contidos do curso, competencias profesionais...).



- d) Descrición e xustificación das ferramentas de Moodle que se vaian empregar.
- e) Descrición de ferramentas externas a Moodle que se vaian empregar, de ser o caso.
- f) Deseño das tarefas, métodos de participación e procedementos de seguimento e avaliación.
- g) Estratexias para a titorización, xestión de contidos e dinamización do curso a distancia.
- h) Cronograma da organización e realización do proxecto con especificación das entregas parciais.
- i) Unha maqueta do curso na plataforma virtual, especificando a descrición de cada bloque (foros, obxectivos, contidos, tarefas...).
- j) Outros aspectos de interese.

A non inclusión dalgún dos puntos anteriores suporá a non baremación do proxecto.

As persoas participantes especificarán no programa un compromiso de entregas temporalizadas, así como un índice detallado das partes do proxecto. Poderase obter unha valoración negativa se non se cumpre o compromiso de entregas.

2. Requisitos e características dos materiais dixitais.

Todos os materiais cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa expresada na disposición adicional quinta, punto 1 («Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos») da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas en Internet.

Os beneficiarios desta modalidade utilizarán a guía de boas prácticas, instrumentos de estimación de tempos e calquera outra indicación achegada a través da Rede de Formación do Profesorado.

Os cursos crearanse directamente nunha aula virtual na Platega. Todos os arquivos fonte estarán incorporados no propio espazo virtual.

Características dos materiais dixitais:



Multimedia, interactividade, accesibilidade, flexibilidade, modularidade, adaptabilidade, rexeitabilidade, interoperabilidade e portabilidade. Os materiais presentados non poderán incluír publicidade de empresas, produtos nin servizos comerciais.

Crearanse directamente nunha aula virtual en Platega. Cando se usen programas externos, os materiais presentarase en soporte dixital (exclusivamente memoria USB correctamente etiquetado), cos materiais creados con ferramentas externas á aula virtual.

Os materiais estarán realizados con tecnoloxía que permita a súa visualización cun navegador estándar sobre distintos sistemas operativos, libres e propietarios, e integrados na Platega.

O material creado publicarase baixo a licenza Creative Commons *BY-NC-SA* que combina as seguintes propiedades: recoñecemento, non comercial e compartir igual.

3. O proxecto terá unha extensión máxima de 8.000 palabras.

As licenzas para esta modalidade soamente poden solicitarse para realizar no segundo trimestre do curso 2019/20.

Modalidade 6. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.

Deberase presentar a seguinte documentación:

1. Certificación acreditativa de dispor, como mínimo, do nivel B2 na lingua estranxeira do MCERL, agás para o profesorado especialista.

2. Anexo VI da resolución cuberto e asinado.

3. O proxecto consistirá na exposición, cunha extensión máxima de catro folios, do plan de perfeccionamento que se pretenda acometer con base na lingua estranxeira que se vaia perfeccionar, con expresión de, polo menos:

a) País onde se levará a cabo. Enténdese que o país escollido deberá ter como lingua oficial aquela que perfeccionará a persoa solicitante.

b) Centro ou institución onde recibirá a formación, achegando os datos identificativos.

c) Denominación da formación intensiva que vaia recibir, nivel académico e a súa duración

expresada tanto en días como en cómputo total de horas.

d) Razóns ou motivos polos que solicita a licenza por formación para o perfeccionamento da lingua estranxeira.

e) Beneficios que espera obter tanto para o profesorado como para o centro de destino.

f) Proba que se realizará durante os seis meses posteriores ao finalizar a actividade, pola que se poida acreditar, como mínimo, un nivel superior do MCERL ao acreditado no momento de presentación da solicitude de participación nesta convocatoria.

g) Plan de difusión da formación realizada nesta modalidade, tanto no centro como na comunidade educativa.

h) Proposta de traballo na aula para trasladar a aprendido no estranxeiro.

ANEXO VII

Guión para a elaboración da memoria final

Modalidade 6

Extensión: mínima de 2.000 palabras.

Consistirá nunha reflexión persoal do alumno/a na que se aborden os seguintes aspectos:

1. Datos de identificación do profesorado participante.
2. Datos do centro de acollimento.
3. Descrición dos contidos do programa traballados con valoración persoal sobre a súa repercusión e impacto na mellora da competencia comunicativa.
4. Actividades pedagóxicas e culturais realizadas no país de acollida.
5. Impacto do seu perfeccionamento na lingua estranxeira no seu centro educativo e descrición detallada das medidas de difusión do aprendido no estranxeiro.
6. Achegas persoais.



ANEXO VIII

Código	Módulo	Duración do módulo	Horas disponibles para elaborar materiais	Horas disponibles para actualizar materiais	Para actualizar ao		
					Inglés	Portugués	Alemán

CCOO
 ensino

BOI

ANEXO IX

Criterios de valoración

Poderase obter ata un máximo de 20 puntos.

Modalidades 1 e 2.

Criterio	Puntuación máxima
a) Coherencia do proxecto	6
b) Pertinencia do soporte e das ferramentas do recurso para acadar os obxectivos de aprendizaxe propostos	3
c) Adecuación do cronograma	3
d) Calidade do exemplo desenvolvido no curso	5
e) Orixinalidade e carácter innovador	3

É requisito alcanzar, como mínimo, o 40% da puntuación de cada alínea para poder optar a unha licenza.

Modalidades 3 e 4.

Criterio	Puntuación máxima
a) Contido e calidade do proxecto, segundo o anexo IV desta resolución.	13
b) A elaboración ou adaptación de actividades que superen o número de horas mínimo establecido como requisito, 0,1 puntos por cada hora adicional	2
c) A elaboración ou adaptación de actividades nunha ou máis linguas estranxeiras	2
d) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais de módulos profesionais que se estean a ofertar na modalidade de formación profesional a distancia no curso actual	1
e) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais de módulos profesionais de formación profesional establecidos ao abeiro da LOE	1
f) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais que permitan completar os materiais dalgún dos módulos do anexo VIII.	1

É preciso alcanzar, como mínimo, 8 puntos na valoración do proxecto.



Modalidade 5.

Criterio	Puntuación máxima
a) Coherencia do proxecto	6
b) Xustificación e pertinencia das ferramentas utilizadas	2
c) Estratexias para a titorización, xestión de contidos e dinamización do curso a distancia	2
d) Adecuación do cronograma	2
e) Calidade do exemplo desenvolvido do curso	5
f) Orixinalidade e carácter innovador	3

É requisito alcanzar, como mínimo, o 40 % da puntuación de cada punto para poder optar a unha licenza.

CCOO
ensino



ANEXO X
Modelo de declaración xurada

Eu _____ con DNI _____
docente en activo con destino en _____

Declaro responsablemente:

Que posúo, como autor do recurso educativo _____ plenos
dereitos sobre o material achegado por ser da miña autoría.

No caso do material non orixinal meu utilizado suxeito a licenzas libres que permiten a súa
utilización contan co recoñecemento expreso do autor e da licenza orixinal no recurso educativo.

No caso de todo o material empregado suxeito a copyright achego a autorización expresa
segundo o modelo facilitado pola consellería para a súa inclusión neste recurso educativo baixo
licenza Creative Commons *BY-NC-SA*, recoñecemento, non comercial e compartir igual.

Pola presente, sen prexuízo do dereito irrenunciable de autoría, corresponden á Consellería de
Educación, Universidade e Formación Profesional plenos dereitos non exclusivos de explotación,
difusión, comunicación, reprodución, publicación e divulgación mediante unha licenza libre
Creative Commons *BY-NC-SA*, recoñecemento, non comercial e compartir igual.

E, para que así conste, asino esta declaración.

Lugar e data

--	--	--	--

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE